



*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 20 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de teoría teatral (594459).*

Advertidos erros na Resolución do 20 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de teoría teatral (594459), no que se refire ás titulacións esixidas como requisito, cómpre corrixilos no sentido que a continuación se indica:

*Primeiro:*

Na páxina 1, onde di:

*“Segunda. Requisitos*

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Posuír algunha das titulacións ou condicións que se indican a continuación:

- Profesores de música e artes escénicas:

Especialidade	Titulacións*
Teoría teatral (594459)	Título superior en artes dramáticas, especialidade interpretación*. Ver base sétima, punto 1

\* NOTA: Tamén son equivalentes para os efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro)”.  
  
(...)

Debe dicir:

*“Segunda. Requisitos*

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:



1. Posuír algunha das titulacións ou condicións que se indican a continuación:

- Profesores de música e artes escénicas:

Especialidade	Titulacións*
Teoría teatral (594459)	Título superior en arte dramática*.  Ver base novena, punto 1

\* NOTA: Tamén son equivalentes para os efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro)".

(...)

*Segundo:* Esta corrección non implica ampliación do prazo para formular solicitudes indicado na base terceira da resolución de convocatoria.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Director xeral de Centros e Recursos Humanos



Jose Manuel Pinal Rodriguez